



CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Ceredo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



RESOLUCION DA PRESIDENCIA DE DATA 03.01.2017.

Visto o expediente en trámite para a contratación da obra denominada “**Acondicionamento e pavimentación de pista municipal en Fentás**”, ascendendo o prezo da obra á contía de 110189,92 € (91066,05 € e 19123,87 € de IVE)

Vista a resolución desta Presidencia de data 14.11.2016, na que se aproba o prego de cláusulas que elixe como sistema de selección do contratista, ó procedemento aberto e coa tramitación urxente, optando pola celebración de mesa de contratación coa seguinte composición:

“16.Mesa de Contratación:

A Mesa de Contratación estará integrada de modo seguinte:

Presidente: O da Corporación, ou membro en quen delegue

Vocais:

- Un representante do grupo municipal do PSOE.
- A Interventora de Fondos do Concello.
- O Secretario do Concello.
- Un técnico a designar pola alcaldía.

Secretario: Un funcionario adscrito ao departamento de Secretaría.”

Rematando o prazo de presentación de ofertas o día 26 de decembro de 2016, e visto o previsto na cláusula 16 do prego, e en uso das facultades que me confire a normativa vixente, esta Presidencia **RESOLVE**:

PRIMEIRO: Convocar Mesa de Contratación encargada da valoración das ofertas económicas presentadas polo licitadores coa seguinte composición:

Presidente: D. Jorge Cubela López (Alcalde)

Vogais: - D. Miguel Rodríguez de Vicente-Tutor (Secretario da Corporación.)

- D^a Sonia David Cortegoso (Interventora da Corporación).

- D^a Lina Garrido Garrido (concelleiro do PSdG- PSOE).

-D. José Luís Barros Sousa (Aparejador municipal)

Secretaria: D^a Jeanett López Fernández (funcionaria da Corporación)

SEGUNDO: A Mesa celebrará a súa sesión o vindeiro **luns 9 de xaneiro de 2017, a partir das 09.15 horas** no salón de concelleiros da Casa Consistorial de Carballedo.






CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballido 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Ceredo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



TERCEIRO: Dar traslado da presente ós membros da Mesa de Contratación e publicar no Perfil do contratante..

CUARTO: Dar conta ó Pleno Corporativo na primeira sesión ordinaria que celebre.

Mándao e asíno o Sr. Presidente en Cerdedo-Cotobade, a 3 de xaneiro de 2017. Ante min o Secretario. Dou fe.

O Presidente

O secretario

Asdo. Jorge Cubela López

Asdo. Miguel Rodríguez de Vicente-Tutor

